Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescrición por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/12/2020 09:33	Páxina 4 de 7
Expediente 210790/301	CSV: 23E38D-CFCA46-BAD3DH-SUR1NY-WUMS5V-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMENTOS/MES	MÁXIMO ALUGUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTIMOS DOCE MESES POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	225	350	2400
2	325	500	2850
3	375	550	3250
4	425	600	3550
5	475	650	3850
6 ou máis	525	700	4150

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciárase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas. Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial (Anexo I). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións – BDNS ata o 31 de decembro de 2021. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características,





POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizárase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio de domicilio ou de teléfono de contacto.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/12/2020 09:33	Páxina 6 de 7
Expediente 210790/301	CSV: 23E38D-CFCA46-BAD3DH-SUR1NY-WUMS5V-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO CUARTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

*

Vigo, [data da sinatura electrónica]
A XEFA DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Paz Fernández Fernández

O XEFE DE ÁREA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Jesús Núñez-Torrón López

CONFORME:
A CONCELLEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/12/2020 09:33	Páxina 7 de 7
Expediente 210790/301	CSV: 23E38D-CFCA46-BAD3DH-SUR1NY-WUMS5V-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EXP. Nº: 210790/301 (2020)	ASUNTO:	«PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021». Informe xurídico.
	SOLICITANTE:	Xefatura de Área Benestar social.
	ÓRGANO RESOLUTORIO:	Xunta de Goberno Local. Concello.

INFORME XURÍDICO**I. ANTECEDENTES**

I.1. A pedimento da Xefatura da Área de Benestar Social do 10.12.2020, emítese informe xurídico en relación co «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021», no que se instrumenta a concesión de axudas de emerxencia social en Vigo para o próximo exercicio.

I.2. Tramítase o expediente administrativo co nº 210790/301 (2020) do Servizo de Benestar social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 01.12.2020, ordeando a incoación de expediente administrativo para a tramitación deste programa de subvencións.
- Documento do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021» (BASES), asinado con data 09.12.2020 pola Xefa de Servizo e o Xefe de Área de Benestar social, conformado pola Concelleira delegada.
- Proposta técnica subscrita en data 09.12.2020 pola Xefa de Servizo e o Xefe de Área de Benestar social, conformada o 10.12.2020 pola Concelleira de Política de Benestar Social e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948 (Art. 25).
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 16 de decembro de 1966; Art. 11.1).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2020 09:33

Páxina 1 de 4

Expediente 210790/301

CSV: 25E284-CEC243-24AFA7-LSQH8W-7U3YMC-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- L.10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O TAX que subscribe foi adscrito ó posto de traballo de «Asesor xurídico adxunto» da Área de Benestar social do Concello de Vigo mediante Resolución do Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013 e, nesa cualidade e a teor da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 20.03.2013, emite o informe xurídico solicitado.

III.2. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións deberán aprobarse as Bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Lémbrese, en todo caso, que –segundo o Art. 17.2 da LXS- as Bases deberían aprobarse no marco das de execución do Orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

III.3. A Base nº 38 das de execución do Orzamento xeral municipal establece que a concesión de axudas a familias por marxinación, malos tratos, saída da casa de acollida ou pisos de asistencia extraordinaria, bono-taxi, euro-taxi e outras de carácter análogo, rexeranse polas súas propias Bases «*sempre con suxeición á Ordenanza si estivese aprobada e ao PES*», rexéndose tamén polas súas Bases propias as axudas económicas familiares e para alugamento de vivendas tramitadas pola Área de Benestar Social.

III.4. As axudas de emerxencia social enmárcanse no ámbito da prestación de servizos sociais municipais ás persoas e familias necesitadas e, segundo se indica no Programa obxecto de informe, con elas preténdese apoiar ás persoas, familias e colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas de alimentación, aloxamento e, en xeral, calquera outra que poida supoñer un factor de marxinabilidade ou risco de exclusión social.

III.5. Xustifícanse expresamente os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Tamén menciónase, no que resulta aplicable, a normativa estatal e autonómica reguladora das axudas públicas.

III.6. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL).



A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

A Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.7. De acordo coas Bases deste Programa e coa normativa reguladora das subvencións (L.38/2003, RD.887/2006, L.9/2007, Bases de execución do Orzamento xeral municipal, etc.), estas axudas configúranse como subvencións públicas directas non periódicas e de emerxencia que serán concedidas ou denegadas mediante resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Acordos da XGL do 20.06.2019 e do 04.07.2019; Apdo. Quinto, Ptos. 1 e 2), previo informe das traballadoras sociais e por proposta da “*Comisión de valoración*”, de acordo sempre cos principios de igualdade, obxectividade e non discriminación (Bases oitava e novena).

III.8. Polo demais, o contido deste Programa para 2021 é moi semellante ó dos exercicios anteriores, introducíndose unicamente, ademais dunha referencia expresa ó Ingreso Mínimo Vital (IMV) na Exposición de Motivos e na Base sexta, apdo. 4ª.a), unha modificación na Base sétima, apdo. 2 (Táboa), para incrementar os límites máximos mensuais das axudas para gastos de alimentos e aluguer.

III.9. O Programa proposto polo servizo de Benestar social para o ano 2021 inclúe as determinacións xerais esixibles relativas ó obxecto destas subvencións directas a teor do Art. 26.2 da LSG e Base nº 38: requisitos dos beneficiarios, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras axudas para a mesma finalidade (p.ex. AIS da Xunta de Galicia), órganos competentes para a ordenación, instrucción e resolución do procedemento, composición do órgano colexiado avaliador, prazos e forma de xustificación do cumprimento da finalidade das axudas e da aplicación dos fondos percibidos, etc.





Todos estes contidos están conformes ó interese público e ó ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, para o fin pretendido.

III.10. De acordo coa L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá facerse pública a información relativa ós actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria, entre os que se inclúen as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios (Art. 8.1.c). O Concello de Vigo dispón do “Portal de Transparencia e Bo Goberno” (<http://transparencia.vigo.org>) no que se dá publicidade, entre outras materias, ás subvencións e axudas públicas concedidas «con indicación, entre outros puntos, do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios».

III.11. Con todo, os preceptos da L.19/2013 deberán poñerse necesariamente en relación co xa previsto sobre publicidade das axudas na normativa reguladora das subvencións públicas, na que se exceptúa dita publicidade cando esta puidese resultar contraria ó respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas beneficiarias, nos termos da LO.1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (Art. 20.8.b] LXS). Así sucedería, entendemos nós, cunhas axudas extraordinarias de emerxencia social destinadas a persoas e familias sen recursos (Arts. 18.3.d]; 30 RD.887/2006 e 15.2.d] LSG).

Neste mesmo sentido exprésase a Base décimo segunda do Programa, establecendo a aplicación daquela restricción ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones», sen prexuízo da obriga de facilitar a información precisa á BDNS (datos reservados).

III.12. Propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto, ó abeiro do previsto especificamente no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, segundo os que poderán tramitarse así as convocatorias de subvencións, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade en que se procede á concesión e se cumpran as demais condicións establecidas para este tipo de expedientes.

Para estes efectos, faise constar que en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do 18.11.2020 foi aprobado inicialmente o orzamento xeral municipal para o exercicio de 2021 (Exp. nº 69/142; BOP nº 225, do 20.11.2020), que inclúe as aplicacións núms. 2310.480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”, dotada con 1.125.000 €, e 2310.780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €); aplicacións coas que se financiará o Programa de axudas.

III.13. A competencia para aprobar este Programa e o gasto que representa correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Arts. 31 LSG, 34 LXS e Apdo. terceiro, Ptos. 5 e 13, Resolucións Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 e 26.06.2019).

III.14. Con todo, antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local deberá emitir o preceptivo informe de fiscalización a Intervención xeral municipal sobre as obrigas de contido económico que se derivan da concesión destas axudas (Art. 214 TRLRFL).

IV. CONCLUSIÓN

Polo que antecede, infórmanse favorablemente as Bases do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021» (inclúe Anexo – Solicitude, convocatoria e extracto da convocatoria), por entender que os seus contidos son conformes co ordenamento xurídico, suficientes en relación cos mínimos esixidos pola normativa reguladora das subvencións públicas e proporcionadas e congruentes coas finalidades que motivan a súa concesión.

Vigo, [data da sinatura electrónica]
O ASESOR XURÍDICO ADXUNTO Á XEFATURA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2020 09:33

Páxina 4 de 4

Expediente 210790/301

CSV: 25E284-CEC243-24AFA7-LSQH8W-7U3YMC-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Nº Expediente:	210 790-301
Asunto:	Programa contra desafiuzamentos e de Emerxencia social para o ano 2021
Organo ao que se dirixe a proposta:	Xunta de Goberno Local
Fase que se fiscaliza:	Autorización do gasto
Tipo de tramitación	Anticipado de gasto

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
2310-480.00.00	Axudas a familias e fondo de emerxencia de deshaucios	1.125.000,00 €
2310-780.00.00	Mellora en fogares	50.000,00 €

Lexislación aplicable:

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime Xurídico do Control Interno nas entidades do Sector Público Local.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Bases de Execución do Orzamento.

INFORME DE INTERVENCIÓN.

Remitada á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte:



Competencia da proposta de gasto:

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local que modificou á Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local trata segundo a súa Exposición de Motivos de clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local e para elo procede a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da Lei de Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL).

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de Medidas Urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local publicada no DOGA o día 30 de maio de 2014 que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014 establece no artigo 3 que regula as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación:

“O exercicio de novas competencias polas entidades locais que sexan distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontre delegado, só será posible cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.”

Neste suposto o apartado cuarto establece que con carácter previo ao inicio das novas competencias, serán preceptivos os informes previos da Administración competente por razón da materia, en que se sinala a inexistencia de duplicidades, e da Consellería de Facenda da Administración da comunidade Autónoma de Galicia como titular da competencia de tutela financeira sobre as entidades locais galegas, sobre a sustentabilidade financeira das novas competencias.

Non obstante o citado precepto establece no apartado terceiro b) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores .

Á vista do exposto e tras a entrada en vigor da Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local queda determinada a competencia municipal para o exercicio desta actividade de fomento que xa se ven realizando desde varios exercicios anteriores .

A maiores ter en conta a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local:



“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.”

Asi mesmo a Disposición adicional cuarta da Lei Lei 5/2014, de 27 de maio relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das Competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais establece:

“As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica é, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela”.

Finamente sinalar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03/03/2016 que se dicta no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asamblea de Extremadura contra a Lei 27/2013 anula varios preceptos da Lei da Reforma da Administración Local porque invaden competencias das Comunidades Autónomas e, nun dos casos, porque regula materias propias dunha Lei Orgánica .

Nesta sentencia anuláanse as disposicións que prohíben ás Comunidades autónomas atribuír aos entes locais servizos de asistencia social e atención primaria á saúde como “competencias propias locais” e regulan o proceso de traspaso ás Comunidades Autónomas.

Nese sentido o TC plantexa que ambas son competencias autonómicas que prestaban os Concellos porque así o decidiron ou o permitiron as Comunidades ou o Estado ou porque os entes locais as asumiron de “feito”.

E engande que o Estado só pode atribuír competencias locais específicas ou prohibir que se desenvolvan cando teña a competencia na materia. *“En materia de competencia autonómica, só as comunidades autónomas poden atribuír competencias locais ou prohibir que o nivel local as desenvolva”*, sinala o TC.

Fiscalización do expediente:

A Disposición final primeira da Lei Xeral de Subvencións atribúe o carácter de lexislación básica ao artigo 17 apartado 2 da Lei, e este precepto establece que “as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberán aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”; a este respecto observar que se ben as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo conteñen na Base 38ª certo desenvolvemento regulamentario das subvencións, non é suficiente, polo que en aplicación do citado precepto de carácter básico debe ser



elaborada unha Norma Xeral Reguladora das Subvencións que debe ser aprobada polo Pleno da Corporación.

A Base 38.3ª das de Execución do Orzamento establece que tamén quedarán suxeitas ás Bases propias as axudas económicas familiares e para alugamento de vivendas tramitadas pola Área de Benestar Social, previo informe xustificativo e motivado da Área, correspondendo a ésta realizar os seguimentos que procedan, en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe pola citada Área con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade co visto e prace do Concelleiro Delegado.

O artigo 22.2 da LXS regula os supostos de concesión de forma directa das subvencións fronte ao procedemento de concorrência competitiva, e determina a seguinte modalidade :

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

No expediente consta informe xurídico favorable de data 10 de decembro de 2020 do Asesor Xurídico Adxunto á Área de Benestar Social

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da Base 29.3 das de Execución do Orzamento, que dispón que en virtude do previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, tamén se poderán tramitar como anticipados de gasto as convocatorias de subvencións, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade na que se proceda a concesión, sempre e cando se cumpran as condicións que se explicitaron con anterioridade para o resto dos expedientes anticipados de gastos; no presente caso trátase de que existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos.

En relación a esta cuestión hai que sinalar que en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do 18 de novembro de 2020 foi aprobado inicialmente o orzamento xeral municipal para o exercicio de 2021 que inclúe as aplicacións núms. 2310.480.00.00 "Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios", dotada con 1.125.000,00 €, e 2310.780.00.00, destinada a "Melloras en fogares" dotada con 50.000 €, aplicacións coas que se financiará o Programa de axudas.

Exposto o anterior, informar que non procede neste momento procedimental a emisión de documento contable; despois da aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e toda vez que escomence o exercicio económico de 2021 deberá remitirse novamente o expediente a esta Intervención para que se proceda á súa contabilización.

Portal de Transparencia e Base de Datos Nacional de Subvencións.



Con data 30 de marzo de 2019 publicouse no BOE o Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, que regula no artigo 7 a publicidade das subvencións e axudas públicas, en particular o apartado 5 dispón :

“De conformidade co disposto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, se publicarán, nos termos que no citado artigo se expresan, as subvencións concedidas. Cando se deban publicar datos persoais dos beneficiarios persoas físicas, deberán cumprirse en todo caso, os principios e a a normativa de protección de datos, incluíndo a forma na que que deberán publicarse os citados datos persoais identificadores dos beneficiarios. Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento”.

A DA 7ª.1 da LO 3/2018, de 6 de decembro de 2018, Protección de Datos y Garantías dos Dereitos Dixitais establece que na notificación dos actos administrativos se identificará aos interesados polo seu nome e apelidos e 4 cifras do DNI.

De acordo coa citada previsión, o Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas relaciona o NIF das persoas físicas aplicando a “Orientación para a aplicación provisional da disposición sétima da Lei Orgánica de Protección de Datos y Garantías dos Dereitos Dixitais” emitido en marzo de 2019 desde a AEPD, que establece o algoritmo de ocultación parcial dos díxitos do NIF das persoas físicas.

CONCLUSIÓN:

A teor do contido, o seu obxecto, finalidade, tramitación e órgano proposto para a súa aprobación, a fiscalización é de conformidade.

Vigo a data da sinatura dixital.

A Xefa do Servizo de Fiscalización.

Conforme: O Interventor Xeral.



CONCELLERÍA
DE
POLÍTICA
DE BENESTAR

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 210790 / 301

TIPO EXPTE: SUBVENCIÓN CONCURRENCIA COMP.

SOLICITANTE: Concelleria De Politica De Benestar Social -
Xefatura De Área

**SUBVENCIÓN CONCURRENCIA COMP.: CONCELLERIA DE POLITICA DE
BENESTAR SOCIAL - XEFATURA DE ÁREA (301) -- 01/12/2020**
210790/301 (200253829) - PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE
EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2021

DILIXENCIA

Remítase á Secretaría Xeral o presente expediente para súa inclusión na orde do día
da vindeira Xunta de Goberno Local.
JN-TL/mijg

Vigo, 14 de decembro de 2020
A CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA
DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL
Yolanda Aguiar Castro



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/12/2020 09:33

Páxina 1 de 1

Expediente 210790/301

CSV: 2CE88F-CAC341-26A73H-QL2UZH-BWYGPD-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de
verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>